

## **Convocatoria Bolsas Internacionais Bancaja Universidade de Santiago de Compostela 2010**

En virtude do convenio vixente entre Bancaja e a Universidade de Santiago de Compostela, o Servizo de Relacións Exteriores (en adiante ORE) publica a presente convocatoria co obxecto de fomentar a mobilidade internacional dos estudantes desta Universidade que realicen os seus estudos en universidades alleas ao Sistema Europeo de Educación Superior coas que a USC ten formalizado un convenio de cooperación internacional, de acordo coas seguintes

### **BASES DA CONVOCATORIA**

#### **Obxecto da Bolsa**

Axuda económica aos estudantes da Universidade de Santiago de Compostela españois ou con residencia permanente en España, previamente seleccionados para cursar estudos durante o curso académico 2010/2011 en universidades de Iberoamérica coas que a Universidade de Santiago de Compostela teña asinado convenios de cooperación bilateral.

#### **Requisitos dos candidatos**

- Ser estudante español ou con residencia permanente en España matriculado en calquera titulación oficial da Universidade Santiago de Compostela no curso 2010-2011.
- Ser seleccionado para realizar estudos de 1<sup>er</sup>, 2<sup>er</sup>, 3<sup>er</sup> ciclo, grao, mestrado ou doutoramento dentro do Programa de intercambio por Convenio Bilateral cara universidades iberoamericanas, na convocatoria de xaneiro de 2010.

- A solicitude e percepción destas bolsas é incompatible con calquera outra promovida por distintas entidades financeiras ou grupos financeiros. Non poderán optar a estas axudas os beneficiarios de BIB de anos anteriores.

### **Importe da bolsa**

Concederánse un máximo de 17 bolsas. Cadansúa non excederá de 1.500 euros por semestre ou de 3.000 euros por curso académico, cun límite global máximo de 25.000 euros, dotación 2010 de Bancaja ao programa, ao que podería engadirse o remanente confirmado de convocatorias anteriores. Estas axudas están suxeitas á lexislación fiscal vixente.

### **Solicitudes**

O prazo de presentación de solicitudes será do 5 de novembro ao 25 de novembro de 2010.

As solicitudes presentaránse nas oficinas da ORE da USC mediante envío de formulario normalizado ao enderezo electrónico [ore@usc.es](mailto:ore@usc.es).

### **Proceso de selección e resolución**

O proceso de selección dos candidatos será realizado pola Comisión Mixta Bancaja – USC, a proposta desta última de acordo cos criterios fixados na convocatoria do programa de mobilidade por Convenio Bilateral cara universidades iberoamericanas:

- 1.- Expediente académico.
- 2.- No seu caso o coñecemento da lingua da institución de destino.
- 3.- Os motivos do estudante para participar no intercambio (Carta de motivación presentada na solicitude de mobilidade)
- 4.- As cartas de presentación dos docentes que apoiem a solicitude.

No prazo de 20 días naturais seguintes á finalización do prazo de presentación de solicitudes, reuniráse a Comisión Mixta Bancaja – USC para resolver a adxudicación e publicarase a relación de aspirantes admitidos e excluídos na páxina web da ORE ([www.usc.es/ore](http://www.usc.es/ore)).

Contra esa proposta os interesados poderán presentar reclamación no prazo de 7 días naturais, contados dende a súa publicación. Transcorrido este prazo, e analizadas, de ser o caso, as reclamacións, remitirase a proposta definitiva ao director do Servizo de Relacións Exteriores da USC, quen resolverá definitivamente por delegación do Reitor.

A resolución definitiva publicarase no taboleiro de anuncios da Reitoría, así como nas páxinas web da ORE ([www.usc.es/ore](http://www.usc.es/ore)) e de Bancaja ([www.bancaja.es/obrasocial](http://www.bancaja.es/obrasocial)).

Esta resolución esgota a vía administrativa e contra ela poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo.

#### **Aceptación da bolsa**

No prazo de 10 días naturais a partir da resolución definitiva, o beneficiario deberá manifestar a súa aceptación ou renuncia ao Servizo de Relacións Exteriores da USC ou no Rexistro Xeral da Universidade de Santiago de Compostela. En caso de aceptar a praza deberán ademais, nese mesmo prazo, asinar o documento de aceptación da bolsa Bancaja nas oficinas da ORE e facilitar un número de conta de Bancaja da que o beneficiario debe ser titular.

A partir desa data para todos aqueles estudantes que non o fixeran considerarase que decaeron no seu dereito.

### **Pagamento da bolsa**

O pagamento da bolsa realizaráse por orde da USC mediante transferencia bancaria á conta de Bancaja da que o beneficiario debe ser titular. O Servizo de Relacións Exteriores informará oportunamente dos prazos para a realización dos trámites administrativos.

O pagamento da bolsa está condicionado á efectiva realización da estadía para cursar estudos durante o curso académico 2010/2011. O pagamento realizaráse mediante transferencia directa a devandita conta unha vez acheguen á ORE o certificado de chegada dende a universidade de destino.

Non se ampliará a dotación da bolsa no caso de que o estudante solicite prorrogar a súa estadía en data posterior da fin do prazo de presentación de solicitudes para esta convocatoria.

O estudante que tivera inicialmente concedido o intercambio para o curso completo e renuncie a un semestre en data posterior da fin do prazo de presentación de solicitudes deberá devolver a metade da bolsa.

### **Sistema de sancións**

Os estudantes que reciben a bolsa e renuncien a ela sen xustificación, non poderán presentarse ás convocatorias sucesivas da mesma.

Tamén serán excluídos aqueles estudantes que incorran en falsidade ou finalmente non realicen o período de estadía na universidade de destino, sen prexuízo da obriga de devolver as cantidades que xa recibiran.

Santiago de Compostela, 27 de outubro de 2010

O REITOR

A handwritten signature in blue ink, appearing to read 'Juan José Casares Long'.

Juan José Casares Long